



Concello de Bueu

Departamento de Urbanismo, Medio Ambiente Urbano, Actividade de Supervisión e Patrimonio

Anuncio de notificación de 23 de decembro de 2024 relativo ao acordo adoptado por Resolución da Alcaldía núm. 2024-2038 de 20.12.2024, correspondente ao expediente núm. 3889/2024, de ampliación dos horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Por Resolución da Alcaldía núm. 2024-2038 de 20.12.2024 adoptouse o seguinte acordo:

“//...//

PRIMEIRO.- Autorizar a ampliación do horario xeral de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas en todo o ámbito municipal, en 2 horas, en atención aos criterios expostos, de cada ano nos seguintes días naturais:

- Luns e martes de Entroido;
- Do Xoves Santo ao Domingo de Resurrección;
- Os días 24, 25, 31 e 1 de decembro e 6 de Xaneiro;
- Os días correspondentes ás festas Patronais do Concello de Bueu, o 16 de xullo, con motivo da festividade da Nosa Señora do Carme e o 11 de novembro, festa de San Martiño.

Esta acordo de ampliación se manterá vixente en tanto no se modifique o seu contido por outro posterior ou ben polos cambios derivados dunha modificación da normativa existente en dita materia, debendo respectar a lexislación vixente en calquera caso.

“//...//”

De acordo co establecido no artigo 45.1a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por entender que poden existir interesados indeterminados, procede a publicación de anuncio no Boletín Oficial do Estado, (Taboleiro Edital Único), para que sirva de notificación aos efectos de que se teña coñecemento.

Contra os citados acordos que poñen fin á vía administrativa, pode interperse alternativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade cc artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si se optase por interpor recurso de reposición non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen perxuízo de que se poda interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099

